



Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2023								
Lugar de reunión	Aula C5			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	3_2023/24	Data	30-01-2024	Hora inicio	18:30	Hora remate	19:50		
Moderador/a	Directora: Sabela Pardo Vázquez.								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García.								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. 2. Presentación e aprobación, se proceder da Conta de gastos do ano 2023. 3. Presentación e aprobación, se proceder, do orzamento para o ano 2024. 4. Aprobación, se proceder, da proposta de actividades do 2º trimestre. 5. Varios: Participación do centro no PFPP, información proceso de admisión, convocatorias probas... 6. Rogos e preguntas. 								
Asistentes	<p>DIRECTORA: Sabela Pardo Vázquez.</p> <p>XEFES de ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez., Ángel Suárez Ríos.</p> <p>SECRETARIA:</p> <p>PROFESORADO: Santos Seara Escudero, , Mar Castrillón González, Rosa Martín Bejarano.</p> <p>PAS :</p> <p>PAIS/NAIS: Luísa Álvarez Zaragoza, Ana Lareo Fernández.</p> <p>ALUMNOS/AS: Ezequiel Escuder Mendiberry.</p> <p>CONCELLO:</p>								

Temas tratados

No **primeiro punto** da orde do día, sométese a votación a acta do Consello Escolar do día 17 de outubro de 2023, remitida con anterioridade ós/ás membros do mesmo. Apróbbase por unanimidade.

No **segundo punto** da orde do día, a Directora expón a conta de gastos correspondente ao ano 2023, a cal ascende a **735.779,96 €**, así como a conta de ingresos, que é de **1.085.234,09 €**, dos cales **62.012 €** son un anticipo da Consellería para o ano 2024. O remanente resultante que se incorpora ao exercicio do 2024 é de **349.454,13 €** incluíndo os ingresos da Consellería e de ERASMUS+. Sométese a votación, sendo aprobada por unanimidade a conta de gastos do ano 2023.

No **terceiro punto da orde do día** a Directora presenta a proposta de orzamentos para o ano 2024, que ascende a **765.550 €**, aclarando que é unha aproximación, xa que neste momento se descoñece a contía total dos ingresos. Sométese a proposta a votación e apróbbase por unanimidade.

No **cuarto punto** da orde do día, preséntase a proposta de actividades extraescolares para o segundo trimestre, advertindo de que poderase incorporar outras actividades sempre que sexan de interese pedagóxico. Indícanse as datas de recepción do alumnado do intercambio con Hamburgo e Polonia así como as datas previstas para o intercambio con Francia do alumnado da ESO. Apróbbase por unanimidade a proposta.



No **quinto punto** da orde do día a Directora informa dos seguintes temas:

- Participación do centro no PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado) no curso 2023/24.
- Obras:
 - A Directora informa que o ascensor xa está en funcionamento.
 - Informa tamén da instalación de placas fotovoltaicas, probablemente no mes de febreiro ou marzo, según indicou a Unidade Técnica da Consellería de Educación e a empresa contratada.
- Proceso de admisión para o curso 23/24: Prazos, xornada de portas abertas para familias, recepción do alumnado de centros adscritos.
- Normas de uso do móbil no centro educativo. A nai Ana Lareo solicita se envíe por Abalar a toda a comunidade educativa e se suba á web. Apróbase por unanimidade incluílas nas NOF.
- Data das probas de acreditación de competencia en linguas estranxeiras, martes 23 de abril do 2024.
- Convocatoria das probas para obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria nas convocatorias de abril (12/04/2024) e xuño (07/06/2024).
- Convocatoria das probas de acceso a ciclos: CS (18/04/2024) e CM (23/05/2024).

En **rogos e preguntas**, fórmulanse os seguintes:

- A nai Luisa Álvarez solicita información sobre os resultados acadados na 1ª avaliación. O xefe de estudos Ángel Suárez resalta os malos resultados dos cursos de 1º da ESO e indica que no resto dos cursos foi similar aos anos anteriores. Aportarase un resumo no seguinte CE.
- O xefe de estudos Ángel Suárez informa de que se manteñen as datas da 2º avaliación tal como figura no calendario escolar.
- O alumno Ezequiel Escuder pregunta pola situación da alegación realizada pola apertura do local de xogos Ruada, informándolle a directora que nestes momentos non ten máis información.
- A nai Luisa Álvarez pregunta que pasos debe seguir o alumnado para presentar unha queixa dun profesor/a. O xefe de estudos Suárez respóndolle que o primeiro que teñen que facer é dirixirse ao seu titor/a e a orientación. A continuación a xefatura de estudos e dirección.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o Consello Escolar sendo as 19:50 horas, levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Acordos

- Aprobación da conta de gastos do ano 2023.
- Aprobación dos orzamentos para o ano 2024.
- Aprobación das actividades do 2º trimestre.
- Aprobación modificación nas NOF do uso do móbil e aparatos electrónicos no centro.

Visto e prace moderador/a

Sabela Pardo Vázquez

O/A secretario/a

Mercedes Couto García